

Na seguinte táboa tes a relación de materias de continuidade nas modalidades de Bacharelato impartidas no IES As Telleiras.

1º Bacharelato	2º Bacharelato
Lingua Castelá e Literatura I	Lingua Castelá e Literatura II
Lingua Galega e Literatura I	Lingua Galega e Literatura II
Matemáticas I	Matemáticas II Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II
Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais I	Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II
Latín I	Latín II
Grego I	Grego II
Debuxo Técnico I	Debuxo Técnico II
Tecnoloxía e Enxeñaría I	Tecnoloxía e Enxeñaría II
2ª Lingua estranxeira I (francés)	2ª Lingua estranxeira II (francés)
Tecnoloxías Información e Comunicación I	Tecnoloxías Información e Comunicación II
Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias ambientais	Bioloxía Xeoloxía e Ciencias Ambientais
Física e Química	Física Química

## RESUMO DOS CONTIDOS DAS MATERIAS OPTATIVAS NO BACHAREALATO



Neste documento preséntase o resumo dos contidos das materias optativas de Bacharelato. Para dispoñer dunha información máis detallada, pódese consultar na páxina web do centro, concretamente no apartado de documentación ou presentación de materias, dentro das pestanas dos diversos departamentos didácticos.

### MATERIAS OPTATIVAS EN 1º BACHARELATO

#### ● **Anatomía aplicada**

A materia pretende achegar os coñecementos científicos que permitan comprender o corpo humano e a motricidade humana en relación coas manifestacións artísticas corporais e coa saúde. Abrangue as estruturas e as funcións do corpo humano máis relacionadas coa acción motora e o seu rendemento, como son o aparello locomotor e o cardiopulmonar, ou os sistemas de control e regulación.

#### ● **Antropoloxía**

A materia introduce o estudo da humanidade, dos pobos antigos e modernos e dos seus estilos de vida. Inclúe aspectos de antropoloxía física, pasando pola cultural e social, chégase ao cumio da antropoloxía filosófica como elemento característico que lle debe servir ao alumnado para pechar ou redondear todas as reflexións previas.

#### ● **Cultura científica**

Materia que promove a comprensión crítica de cuestións científicas e tecnolóxicas da actualidade que afectan á sociedade. O alumnado aprende métodos científicos, como analizar e valorar información baseada en evidencias, e a diferenciar feitos científicos de opinións ou crenzas, desenvolvendo competencias para tomar decisións informadas.

- **2ª Lingua Estranxeira I (Francés)**

Materia que desenvolve a competencia comunicativa en francés mediante a comprensión e expresión oral e escrita en contextos cotiás e académicos. Inclúe o estudo de vocabulario, gramática, pronunciación e aspectos culturais dos países francófonos.

- **Literatura galega do século XX e da actualidade**

Materia centrada na lectura, análise e interpretación de obras da literatura galega do século XX e do presente, valorando as súas estéticas, temas e o seu contexto sociocultural. Estuda xéneros como narrativa, poesía, teatro e ensaio, e reflexiona sobre as conexións con outras literaturas e manifestacións artísticas.

- **Tecnoloxías da información e da comunicación I (TIC)**

Materia que amplía as competencias dixitais, centrada no desenvolvemento de proxectos dixitais innovadores e na resolución de problemas reais mediante tecnoloxías da información e comunicación. O alumnado diseña, implementa, documenta e presenta solucións dixitais, aplicando ferramentas de colaboración, comunicación, análise de datos e xestión segura da información. A materia tamén fomenta o pensamento crítico, a creatividade, a aprendizaxe autónoma e a capacidade de adaptación ao rápido avance tecnolóxico da sociedade actual

- **Cultura audiovisual**

A materia pretende que o alumnado analice a evolución dos medios e das linguaxes audiovisuais, e as funcións e as características da imaxe fixa e en movemento, co fin de crear narracións audiovisuais sinxelas. Recálcase a importancia da función expresiva da imaxe, o son e a música no proceso de creación de audiovisuais e, así mesmo, comprenderá a organización da produción de audiovisuais e as características dos novos medios e das mensaxes publicitarias, co fin de valorar e realizar produtos audiovisuais sinxelos.

## MATERIAS OPTATIVAS EN 2º BACHARELALATO

### ● **Métodos estadísticos e numéricos**

Materia que desenvolve o uso de ferramentas matemáticas e estadísticas para analizar datos e resolver problemas en situacións reais. O alumnado aprende a tratar mostras e distribucións de datos, aplicar técnicas de inferencia e probabilidade e empregar métodos numéricos para obter solucións aproximadas cando non é posible unha solución exacta. Foméntase tamén o uso de ferramentas dixitais e o pensamento lóxico-matemático para interpretar resultados e tomar decisións baseadas en datos

### ● **Psicología**

Materia centrada na comprensión do comportamento e dos procesos mentais humanos. O alumnado estuda temas como a percepción, a memoria, a aprendizaxe, as emocións, a personalidade, así como as relacións sociais e os factores que inflúen no desenvolvemento e adaptación das persoas. Promove a adquisición de ferramentas para analizar e interpretar a conducta humana desde unha perspectiva científica e crítica.

### ● **2ª Lingua Estranxeira II (Francés)**

Materia que desenvolve a competencia comunicativa en francés mediante a comprensión e expresión oral e escrita en contextos cotiás e académicos. Inclúe o estudo de vocabulario, gramática, pronunciación e aspectos culturais dos países francófonos.

### ● **Tecnoloxías da información e da comunicación II (TIC)**

Materia que amplía as competencias dixitais, centrada no desenvolvemento de proxectos dixitais innovadores e na resolución de problemas reais mediante tecnoloxías da información e comunicación. O alumnado diseña, implementa, documenta e presenta solucións dixitais, aplicando ferramentas de colaboración, comunicación, análise de datos e xestión segura da información. A materia tamén fomenta o pensamento crítico, a creatividade, a aprendizaxe autónoma e a capacidade de adaptación ao rápido avance tecnolóxico da sociedade actual

### ● **Xeografía, historia, arte e patrimonio de Galicia**

Materia que aprofunda no coñecemento de Galicia desde varias dimensións: a súa xeografía física e humana, a súa historia e evolución, o patrimonio artístico e cultural e o contexto sociocultural galego. Permite comprender o significado e a conservación do patrimonio e os procesos históricos e territoriais que configuraron a identidade da comunidade galega.